COLLEDE UN LIBRO QUE VOS GUSTE MOITO, IMOS APRENDER ALGO SOBRE EL.

# AS PARTES DUN LIBRO:

## LIBRO PECHADO




A CUBERTA: Parte mais fermosa e rechamante do libro.

O LOMBO: A parte traseira, onde pegamos as etiquetas que identifican a cada libro.

AS PÁXINAS: Onde se gardan todos os segredos do libro.

## LIBRO ABERTO




AS GARDAS: As primeiras páxinas en branco que protexen o libro.

A PORTADA: Onde atopamos toda a información sobre o libro.

NA CUBERTA E NA PORTADA ATOPAMOS:

O AUTOR

O TÍTULO

O ILUSTRADOR

A EDITORIAL



**Coñece a Biblioteca. Actividade 3**

# Cubride esta ficha de lectura cos datos do voso libro:

**FICHA DE LECTURA**

**TÍTULO:**

**AUTOR/A:**

**ILUSTRADOR/A:**

**EDITORIAL:**

**QUE FOI O QUE MÁIS CHE GUSTOU?**

# AGORA FÍXÁDEVOS NO SEU LOMBO:

A **etiqueta** ou "**tejuelo**" identifica cada libro e nos permite ter localizado cada un dos libros da biblioteca.

Proporciónanos **3 datos**:

**Materia da CDU** → 51

Tres primeiras letras do **apelido do seu autor** → **BAL**

Tres primeiras letras do **título** (sen contar os artigos) → **alu**

**NOS ANDEIS SEMPRE ORDENAREMOS OS LIBROS POR ESA ORDE:**

1- **Nº DE CDU**

2- **Orde alfabética de autor**

3- **Orde alfabética de título**

**OS LIBROS DE FICCIÓN TEÑEN MÁIS INFORMACIÓN:**

| | | |
|---|---|---|
| **82-NC** | **82-TG** | **82-CC** |
| **KNI** | **LOS** | **DON** |
| **kik** | **gam** | **his** |

1- **A COR DA ETIQUETA NOS INDICA AS IDADES PARA AS QUE ESTÁN INDICADOS:**

**VERMELLO** 6-8 anos

**VERDE** 9-11 anos

**AMARELO** de 12 anos en adiante

**Coñece a Biblioteca. Actividade 3**

2- AS **<u>LETRAS</u>** QUE ACOMPAÑAN O NÚMERO **82** (LITERATURA) NOS INDICAN O **<u>XÉNERO</u>** E A **<u>LINGUA</u>**:

| | |
|---|---|
| **NC** | Narrativa en castelán |
| **NG** | Narrativa en galego |
| **PC** | Poesía en castelán |
| **PG** | Poesía en galego |
| **TC** | Teatro en castelán |
| **TG** | Teatro en galego |
| **CC** | Cómic en castelán |
| **CG** | Cómic en galego |

## 3- Por último, se a súa etiqueta ten unha imaxe coma estas…













**o seu sitio é nos andeis de PRE-LECTORES.**

Coñece a Biblioteca. Actividade 3

## SE XA AS COÑECES BEN DEBERÍAS SABER ASOCIAR ESTES LIBROS COAS SÚAS ETIQUETAS:










82-NC
RID
ott

82-NG
FER
ped

82-NG
CAS
mis

## OU ESTES OUTROS:










82-TG
LOS
gam

82-CC
REN
mam

82-PG
RIV
pal

Coñece a Biblioteca. Actividade 3

AGORA UN POUCO MÁIS DIFÍCIL. DEBEDES FACER VOS AS ETIQUETAS DOS LIBROS QUE VOS VAN PROPORCIONAR AS PROFES,

ÁNIMO E A TRABALLAR…

E NON ESQUEZADES COLOREAR O FONDO DA ETIQUETA NA COR QUE LLE CORRESPONDA!

AGORA XA PODEMOS DECLARARVOS "BIBLIOTECARIOS AXUDANTES"

CONTAMOS CON VOS PARA MANTER A BIBLIOTECA EN ORDE E BEN COIDADA POIS TODO O QUE NELA PODEDES ATOPAR É VOSO.

